

The background of the entire page is a rustic wooden surface with horizontal planks. In the upper left corner, there is a cluster of autumn leaves in various colors: purple, yellow, orange, red, and pink. The word "Oleiros" is written in a large, stylized font with a white outline and a purple-to-orange gradient fill, positioned in the center-right of the page.

Oleiros

programación cultural
setembro · decembro
2018



Concello de
Oleiros



Sábado 29 de setembro
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

A Orquestra de Cámara Galega presenta

Suite das oito

Elenco: Quinito Mourelle (composición e piano), Roberto Somoza (arranxos e clarinete) Rogelio Groba (director concertino OCGA) Orquestra de Cámara Galega (OCGA).

Xénero: jazz.

Duración: 80 minutos.

Público: todos os públicos.

Sinopse: *Suite das oito* reflicte un punto de equilibrio e converxencia entre tres diferentes personalidades musicais: Quinito Mourelle, Roberto Somoza e Rogelio Groba, á fronte da Orquestra de Cámara Galega.

Suite das oito está formada por oito composicións orixinais nas que priman o carácter narrativo e o sentimento. Son pequenas historias para escoitar ás oito da tarde, cando necesitamos deixar atrás as reviravoltas da nosa rutina, ou ben ás oito da mañá, para afrontar o día cunha nova perspectiva. Nelas réndese homenaxe a lugares e persoas especiais, aos paxaros, aos vales, ao océano cambiante, á poesía.

Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.

Domingo 30 de setembro
às 12:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Caramuxo Teatro, presenta o espectáculo

Ela



Dramaturxia e dirección: Caramuxo teatro / Laura Sarasola e Juan Rodríguez.

Elenco: Laura Sarasola, Juan Rodríguez e Suso Jalda.

Xénero: comedia.

Duración: 40 minutos.

Público: familiar. Recomendado para nenos e nenas a partir de **4 anos**.

Prezo: 2,50 euros.

Sinopse: *Ela* é o novo proxecto de Caramuxo Teatro inspirado na obra e na figura de Maruxa Mallo. O punto de partida é o de crear un espectáculo que dea a coñecer e a homenaxear a unha das máis importantes mulleres representantes das vangardas artísticas a nivel internacional do seu momento. *Ela* crea un mundo fantástico a través das cores, a arte e o universo creativo da pintora Maruxa Mallo. Unha mestura de poesía, humor, teatro e danza onde descubrir o imaxinario desta muller excepcional. Un poema plástico para gozar en familia.

As entradas poñeranse á venda a partir das 11:30 horas,
ata completar a capacidade da sala.



**Xoves 4 de outubro
ás 20:30 horas**

Auditorio da Fábrica, Perillo

Concerto **Encontro Internacional
de Música de Pulso e Púa**

Bandolina dúo Colombia

Elenco: Oriana Ximena Medina (bandola andina colombiana) e Carlos Andrés Quintero (mandolina)

Dous músicos colombianos expoñentes da música tradicional colombiana achegan unha nova proposta musical mediante a interacción de dous instrumentos de plectro como son a bandola andina colombiana e a mandolina, desenvolvendo así un repertorio non só tradicional colombiano e latinoamericano, senón tamén do repertorio universal para instrumentos de corda pulsada.



Entrada libre con invitación ata completar a capacidade da sala.
As invitacións poderán recollerse a partir das 19.30 horas. Todos os públicos.

Venres 5 de outubro
ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

**Concerto Encontro Internacional
de Música de Pulso e Púa**



Ensemble “Mandolins of Yekaterinburg” (Rusia)

O grupo “Mandolins of Yekaterinburg” é o único conxunto en Rusia que reúne á case totalidade da familia das mandolinas con acompañamento de guitarra española e acordeón.

A idea de crear unha banda xurdiu a principios dos 80 do século XX, na Sverdlovsk Music College Tchaikovsky, grazas a que se atopou un conxunto de antigas mandolinas italianas case destruídas. Foron estas mandolinas, despois da restauración, coas que comezaron no grupo “Mandolinas”, creado en 1985, baixo a dirección Valery Zhdanov, e o equipo revitalizouse posteriormente con músicos virtuosos, ben coñecidos en Rusia e no estranxeiro: Svetlana Musafina (mandolina), Minzilya Gibadulin (mandolina, mandola), Julia Platonov (mandolina, mandola), Tatiana Novoseletsкая (mandolochelo) e Dmitry Motorin (guitarra).

Entrada libre con invitación ata completar a capacidade da sala.

As invitacións poderán recollerse a partir das 19.30 horas. Todos os públicos.



**Sábado 6 de outubro
ás 20:30 horas**

Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Redrum Teatro, presenta o espectáculo

A canción do elefante

Autoría: Nicolás Billón.

Dirección: Alex Sampayo.

Elenco: Machi Salgado, Guillermo Carbajo e Patricia Vázquez.

Xénero: drama.

Duración: 80 minutos.

Público: maiores de **12 anos**.

Prezo: 3,50 euros.

Sinopse: Un psiquiatra desaparece da súa consulta. A última persoa que o ve é Miguel, un paciente obsesionado cos elefantes. A pesar das advertencias da enfermeira xefe, o doutor Villaverde está decidido a atopar unha verdade que tan só Miguel parece coñecer. **A Canción do Elefante** é un apaixonante thriller psicolóxico que manterá pegado na butaca o público ata o seu desenlace.

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas,
ata completar a capacidade da sala.

Sábado 13 de outubro

às 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Estudo do Momento presenta o espectáculo

1879.

Casa de bonecas



Autoría: Henrik Ibsen.

Dirección: Xoán Carlos Mejuto.

Elenco: Xoán Carlos Mejuto e Iria Ares.

Xénero: drama.


Duración: 60 minutos.

Público: maiores de **12 anos**.

Prezo: 2,50 euros.

Sinopse: Casa de Bonecas ou O escándalo dunha muller que marcha da casa. Así foi considerada na súa época esta grande obra, froito da dramaturxia do pai do teatro realista contemporáneo, Henrik Ibsen, en 1879. Unha alegación feminista que se converteu co paso de tempo na celebración da independencia da muller nunha sociedade de homes. Con Casa de Bonecas o espectador revive o nacemento dunha das maiores heroínas do teatro, Nora Helmer. Esposa e nai perfecta, esconde porén un perigoso segredo, anos atrás falsificou unha sinatura para conseguir un préstamo. Cando todo sae á luz, descobre que o seu home non a considera máis ca un obxecto da súa propiedade, provocando un desenlace de escándalo. Espectáculo galardoado co Premio Luisa Villalta pola Igualdade da Deputación da Coruña.

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas,
ata completar a capacidade da sala.



Sábado 27 de outubro

ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Contraproducións presenta o espectáculo

Nacidas libres

Autoría: Cándido Pazó.

Dirección: Cristina Domínguez da Pena.

Elenco: Rocío González, Casilda Alfaro, Mónica Camaño e Susana Dans.

Xénero: drama.

Duración: 90 minutos.

Público: maiores de **12 anos**.

Prezo: 3,50 euros.

Sinopse: Catro actrices que atravesan esas idades nas que corren o risco de desaparecer do mundo do espectáculo, fartas de non recibir ofertas de traballo, deciden autoempregarse e montar unha peza, xuntándose nunha aula de cultura, hai anos pechada, dunha entidade bancaria que hai anos cambiou de nome. En vista de que non atopan textos para catro mulleres, aventúranse a promovelos elas, encomendándollos a unha nova escritora que vive emigrada, partindo dunha noticia aparecida nos xornais:

A policía rescata tres monxas indias retidas contra a súa vontade nun convento de clausura en Santiago.


As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas,
ata completar a capacidade da sala.

Sábado 10 de novembro
às 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Talía Teatro, presenta o espectáculo

O servidor de dous anos



Autoría: Carlo Goldoni.

Dirección: Artur Trillo e Diego Rey.

Elenco: Xurxo Barcala, Toño Casais, Marta Lado, María Ordoñez, Diego Rey, Marta Ríos, Artur Trillo e Dani Trillo.

Xénero: comedia.

Duración: 75 minutos.

Público: maiores de **12 anos**.

Prezo: 2,50 euros.

Sinopse: Revisión dun dos textos clásicos da historia do teatro, convertido no referente por excelencia da *Commedia dell'Arte* do teatro renacentista italiano. Esta versión trata de construír un xoguete escénico onde os contratos matrimoniais son substituídos por contratos de construción, onde nobres e mandatarios son substituídos por empresarios e políticos, onde a vida mesma da nosa sociedade é retratada con irreverencia e descaro, buscando un espectáculo trepidante e deslenguado, tan mordaz como divertido.

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas,
ata completar a capacidade da sala.



***Domingo 11 de novembro
ás 19:30 horas***

Auditorio da Fábrica, Perillo

Proxección de

Cien años de perdón

Dirección: Daniel Calparsoro.

Reperto: Luís Tosar, José Coronado, Raúl Arévalo, Rodrigo de la Serna, Patricia Vico, Joaquín Furrriel, Marian Álvarez, Luciano Cáceres, Luis Callejo, Joaquín Climent.

País: España.

Ano: 2016.

Duración: 97 minutos.

Xénero: thriller.

Cualificación: maiores de 12 anos.

Sinopse: Unha mañá chuviosa. Seis homes armados asaltan a sede central dun banco de Valencia. O que ía ser un roubo limpo e fácil pronto se complica cando a directora da sucursal desvela un segredo oculto nunha das caixas de seguridade. Os ánimos acéndense entre os líderes da banda e a sospeita esténdese dentro e fóra do banco ata chegar a poñer en xaque o Goberno do país.

Entrada libre con invitación. As invitacións poderán recollese a partir das 18.30 horas, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 17 de novembro
às 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, Mera



O Grupo Estable de Teatro do Concello de Oleiros,
presenta o espectáculo

Dodo

Autoría: creación colectiva.

Dirección: Ramiro Neira.

Elenco: Conchi Fernández, Natacha Ceias, Manuel García, Silvia Larrosa, Gladys Pérez, Pilar Pérez, Nelly Rivas, Marisa Barros, Luly Barcos, Juan Otero, Gloria Feliz, Benita Trillo, Cristina López, Antonio González, Juan Naya, Carmen Rodríguez, Patricia Gómez, Danay Marrero, Olga Coroa.

Xénero: drama.

Duración: 70 minutos.

Público: maiores de **12 anos**.

Sinopse: Antes de Dodo a poboación crecía desmesuradamente, tamén avanzaban as tecnoloxías, o consumo, a contaminación, as enfermidades, a violencia... Escaseaban alimentos e non había recursos para todos. Foi entón cando decidimos facer unha selección. Reprogramar e separar unha parte da poboación que non fose apta para a nosa sociedade, a cal está formada, por individuos xenética e intelctualmente superiores...

Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.

***Domingo 18 de novembro
ás 19:30 horas***

Auditorio da Fábrica, Perillo



Proxección de

Manchester frente al mar

Dirección: Kenneth Lonergan.

Reparto: Casey Affleck, Michelle Williams, Kyle Chandler, Lucas Hedges, Tate Donovan, Erica McDermott, Matthew Broderick, Gretchen Mol, Kara Hayward, Susan Pourfar, Christian J. Mallen, Frankie Imbergamo, Shawn Fitzgibbon, Richard Donnelly, Mark Burzenski, Mary Mallen, Stephen Henderson.

País: USA.

Ano: 2016.

Duración: 135 minutos.

Xénero: drama.

Cualificación: maiores de **12 anos**.

Sinopse: Lee Chandler é un solitario encargado de mantemento de edificios de Boston que se ve na obriga de volver á súa pequena vila natal tras saber que o seu irmán Joe morreu. Alí se atopa co seu sobriño de 16 anos, do que terá que facerse cargo. De súpeto, Lee verase obrigado a enfrontarse a un pasado trágico que o levou a separarse da súa muller Randi e da comunidade onde naceu e medrou.

Entrada libre con invitación. As invitacións poderán recollese a partir das 18.30 horas, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 24 de novembro
às 20:30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

Concerto de **Marcos Teira**:

Translations **quinteto**



Elenco: Alfonso Calvo (contrabaixo), Moisés Fernandez (percusión), Marcos Teira (guitarra flamenca), Alejandro Vargas (piano), Isafas Salazar (baile).

Xénero: flamenco/jazz.

Público: todos os públicos.

O baile flamenco de Isafas Salazar e a cubanía jazzística do pianista Alejandro Vargas achegan novas cores e ritmos ao repertorio mestizo de Marcos Teira. O grupo utiliza os ritmos flamencos e a liberdade do jazz para adaptar clásicos nunha paisaxe nova e suxerinte.

Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.



***Domingo 25 de novembro
ás 19:30 horas***

Auditorio da Fábrica, Perillo

Proxección de

Lobos sucios

Dirección: Simón Casal.

Reperto: Marián Álvarez, Ricardo de Barreiro, Manuel Vellés e Isak Férriz.

País: España.

Ano: 2016.

Duración: 105 minutos.

Xénero: thriller de aventuras

Cualificación: maiores de **12 anos**.

Sinopse: Manuela, unha mineira que sofre o rexeitamento dos demais por ser medio meiga, decide roubar aos nazis para tratar de curar a súa filla enferma. Nesta aventura, conta coa axuda de Candela, a súa irmá pequena. A película amosa como dúas mineiras galegas puideron cambiar o curso da historia durante a Segunda Guerra Mundial. A película está ambientada nas minas galegas de volframio que foron explotadas polos nazis durante a guerra.

Entrada libre con invitación. As invitacións poderán recollese a partir das 18.30 horas, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 1 de decembro

ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Contraproducións, S.L., presenta o espectáculo

Fillos do sol

Autoría: Cándido Pazó.

Dirección: Cándido Pazó.

Elenco: César Cambeiro, Adrián Ríos e Alba Bermúdez.

Xénero: comedia.

Duración: 75 minutos.

Público: maiores de 12 anos.

Prezo: 2,50 €

Sinopse: Elucubración teatral sobre a figura de Eduardo Pondal e a súa obsesión coa obra que ocupou toda a súa vida como escritor: Os Eoas. A cabalo entre a realidade ficcionada e a fabulación dramática, Eduardo Pondal, xa octoxenario e comesto pola neurose dos seus últimos anos, confronta as súas dúbidas, medos e insatisfaccións creativas, tendo por interlocutores un personaxe nacido da súa perturbación: EDUARDO, el mesmo cando comezaba, de mozo, a súa carreira literaria. E, como contrapunto, a vida real e diaria representada por ROSA, a nova criada da pensión na que vive. As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas,
ata completar a capacidade da sala.



Domingo 2 de decembro
ás 19:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

A Asociación Cultural Cardume,
presenta o espectáculo

Entre bambolinas

Autoría: Jaime Naveira.

Dirección: Matilde Blanco.

Elenco: Jaime Naveira, Emilio Caínzos, María José López, Vicente Campos, Nieves Alcañíz, Iria Pazos, Sara Reboredo, José Luís González, Rafa Fernández, More de la Cal, Miguel Abalo, Isabel Tizón, Nelly Varela, Yolanda Camino.

Xénero: traxicomedia.

Duración: 75 minutos.

Público: maiores de **12 anos**.

Prezo: 2,50 €

Sinopse: A piques de comezar a función da obra “As desfeitas da vida”, unha compañía teatral cos seus actores e todo o seu equipo técnico e artístico vive una serie de acontecementos que poñen a proba os seus sentimentos máis profundos. Dende as bambolinas dun teatro, vense reflectidos con humor e moita humanidade un compendio de complexos, vaidades e envexas, pero tamén amor, amizade, fidelidade e o drama de ver chegar o grande monstro do alzheimer.

As entradas poñeranse á venda a partir das 18:30 horas,
ata completar a capacidade da sala.

Domingo 16 de decembro
ás 19:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, Mera



Concerto de Nadal

das corais municipais

Como todos os anos polo Nadal, o Departamento de Cultura organiza unha xuntanza para que participen todas as corais de Oleiros, co fin de intercambiar impresións e felicitar nos o Aninovo.



Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.



Sábado 22 de decembro

ás 18:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Elefante Elegante, presenta o espectáculo

Patapatúm

Autoría: María Torres e Gonçalo Guerreiro.

Dirección: María Torres, Gonçalo Guerreiro e Pablo Sánchez.

Elenco: Agustín Bolaños, María Torres e Gonçalo Guerreiro.

Xénero: teatro xestual.

Duración: 45 minutos.

Público: familiar, recomendado para nenos e nenas entre **3 e 8 anos**.

Prezo: 2,50 euros.

Sinopse: As nais e pais cun relativo poder económico, desexando a felicidade dos seus fillos, adoitan ofrecerlles moreas de xoguetes e intentan buscarlles ocupacións permanentes para estimulalos, para que se desenvolvan e non se aburran. Pero o aburrimiento non é sempre negativo, pode ser estruturante e desenvolver a súa creatividade. Por outra banda, pode acontecer que eses obxectos materiais, eses agasallos, intenten colmar a falta de tempo que os proxenitores teñen para dedicar aos seus fillos.

As entradas poñeranse á venda a partir das 17:30 horas,
ata completar a capacidade da sala.

***Domingo 23 de decembro
ás 18:30 horas***

Auditorio Centro Cultural A Fábrica, de Perillo

Tanxarina presenta o espectáculo

A galiña azul



Autoría: Carlos Casares.

Dirección: Cándido Pazó.

Elenco: Miguel Borines Fernández, Andrés Giráldez Río e Eduardo Rodríguez "Tatán".

Xénero: Teatro / Monicreques.

Duración: 50 minutos.

Público: Familiar.

Prezo: 2,50 euros.

Sinopse: A galiña azul é un espectáculo que mestura monicreques e actores, baseado no conto homónimo de Carlos Casares. A galiña azul resulta unha convincente arma contra a inxustiza, unha clara defensa da diversidade. Fainos lembrar que aínda é posible loitar contra a homoxeneidade cando esta vén imposta, que formas alternativas de resistencia seguen existindo aínda que sexa pintando galiñas de azul e organizándose de xeito colectivo.

As entradas poñeranse á venda a partir das 17:30 horas,
ata completar a capacidade da sala.



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



**Deputación
DA CORUÑA**

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



**REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS**